

1. Explica coas túas palabras a diferenza entre nutrición e alimentación.


2. Indica que nos achegan os seguintes nutrientes e pon dous exemplos de alimentos que conteñan estes nutrientes.

- Glúcidos:

- Lípidos:

- Proteínas:

3. Escreve o nome das partes do aparato digestivo.



4. Completa co órgano correspondente.

- As _____ son dúas cavidades polas que o aire entra e é expulsado na inspiración e a expiración, respectivamente. A súa misión é limpar, quentar e humedecer o aire antes de que chegue aos pulmóns.
- A _____ une a farinxe coa traquea. Contén as cordas vocais, dous músculos alongados que vibran co paso do aire e producen a voz.
- Os _____ acaban nuns saquiños onde se produce o intercambio de gases: os alvéolos pulmonares.
- A _____ é un tubo común aos aparatos dixestivo e respiratorio. Conduce o aire desde as fosas nasais ou desde a boca ata a larinxe.

5. Explica coas túas palabras a diferenza entre circulación menor (ou pulmonar) e circulación maior (ou xeral).

6. Define os seguintes conceptos.

- **Sangue:**

- **Vasos sanguíneos:**

- **Corazón:**

7. Clasifica estas enfermidades.

cistite asma diarrea trombose carie
infarto de miocardio pneumonía cálculos renais

Enfermidades do aparato dixestivo	Enfermidades do aparato respiratorio	Enfermidades do aparato circulatorio	Enfermidades do aparato excretor

8. Ordena as fases do proceso de excreción.

- Os riles son dous órganos con forma de faba. Filtran o sangue que pasa a través deles para extraer o exceso de auga, sales e os produtos de refugallo, que son tóxicos para o organismo. Esta mestura forma a urina.
- A uretra é o conduto polo que se expulsa a urina almacenada na vexiga urinaria.
- A vexiga urinaria é un órgano musculoso con forma de saco que almacena a urina ata que é expulsada. Na súa parte inferior ten un esfínter, un músculo que abre e cerra un orificio voluntariamente para deixar saír a urina.
- Os uréteres son dous condutos que recollen a urina dos riles e a levan ata a vexiga urinaria.

9. Nomea catro hábitos non saudables e explica como corríxilos.

1. _____

2. _____

3. _____

4. _____

10. Explica a diferenza entre anorexia nerviosa e bulimia nerviosa.
